

MENSAXE DO SANTO PADRE FRANCISCO
PARA A XORNADA MUNDIAL
DO EMIGRANTE E DO REFUXIADO 2014

«Emigrantes e refuxiados: cara a un mundo mellor»

Queridos irmáns e irmás:

As nosas sociedades están a experimentar, como nunca antes sucedera na historia, procesos de mutua interdependencia e interacción a nivel global, que, aínda que é verdade que comportan elementos problemáticos ou negativos, teñen o obxectivo de mellorar as condicións de vida da familia humana, non só no aspecto económico, senón tamén no político e cultural. Toda persoa pertence á humanidade e comparte coa enteira familia dos pobos a esperanza dun futuro mellor. Desta constatación nace o tema que elixín para a Xornada Mundial do Emigrante e do Refuxiado deste ano: Emigrantes e refuxiados: cara a un mundo mellor.

Entre os resultados dos cambios modernos, o crecente fenómeno da mobilidade humana emerxe como un "signo dos tempos"; así o definiu o Papa Benedito XVI (cf. Mensaxe para a Xornada Mundial do Emigrante e do Refuxiado 2006). Se, por unha banda, as migracións poñen de manifesto frecuentemente as carencias e lagoas dos estados e da comunidade internacional, por outro, revelan tamén as aspiracións da humanidade de vivir a unidade no respecto das diferenzas, a acollida e a hospitalidade que fan posible a equitativa distribución dos bens da terra, a tutela e a promoción da dignidade e a centralidade de todo ser humano.

Desde o punto de vista cristián, tamén nos fenómenos migratorios, do mesmo xeito que noutras realidades humanas, verifícase a tensión entre a beleza da creación, marcada pola graza e a redención, e o misterio do pecado. O rexeitamento, a discriminación e o tráfico da explotación, a dor e a morte contraponse á solidariedade e a acollida, aos xestos de fraternidade e de comprensión. Espertan unha gran preocupación sobre todo as situacións nas que a migración non é só forzada, senón que se realiza mesmo a través de varias modalidades de trata de persoas e de redución á escravitude. O "traballo escravo" é hoxe moeda corrente. Con todo, e a pesar dos problemas, os riscos e as dificultades que se deben afrontar, o que anima a tantos emigrantes e refuxiados é o binomio confianza e

esperanza; eles levan no corazón o desexo dun futuro mellor, non só para eles, senón tamén para as súas familias e persoas queridas.

Que supón a creación dun "mundo mellor"? Esta expresión non alude inxenuamente a concepcións abstractas ou a realidades inalcanzables, senón que orienta máis ben a buscar un desenvolvemento auténtico e integral, a traballar para que haxa condicións de vida dignas para todos, para que sexa respectada, custodiada e cultivada a creación que Deus nos entregou. O venerable Paulo VI describía con estas palabras as aspiracións dos homes de hoxe: «Verse libres da miseria, atopar con máis seguridade a propia subsistencia, a saúde, unha ocupación estable; participar aínda máis nas responsabilidades, fóra de toda opresión e ao abrigo de situacións que ofenden a súa dignidade de homes; ser máis instruídos; nunha palabra, facer, coñecer e ter máis para ser máis» (Cart. enc. *Populorum progressio*, 26 marzo 1967, 6).

O noso corazón desexa "algo máis", que non é simplemente un coñecer máis ou ter máis, senón que é sobre todo un ser máis. Non se pode reducir o desenvolvemento ao mero crecemento económico, obtido con frecuencia sen ter en conta ás persoas máis débiles e indefensas. O mundo só pode mellorar se a atención primaria está dirixida á persoa, se a promoción da persoa é integral, en todas as súas dimensións, incluída a espiritual; se non se abandona a ninguén, comprendidos os pobres, os enfermos, os presos, os necesitados, os forasteiros (cf. Mt 25,31-46); se somos capaces de pasar dunha cultura do rexeitamento a unha cultura do encontro e da acollida.

Emigrantes e refuxiados non son peóns sobre o taboleiro da humanidade. Trátase de nenos, mulleres e homes que abandonan ou son obrigados a abandonar as súas casas por moitas razóns, que comparten o mesmo desexo lexítimo de coñecer, de ter, pero sobre todo de ser "algo máis". É impresionante o número de persoas que emigra dun continente a outro, así como daqueles que se desprazan dentro dos seus propios países e das propias zonas xeográficas. Os fluxos migratorios contemporáneos constitúen o máis vasto movemento de persoas, mesmo de pobos, de todos os tempos. A Igrexa, en camiño cos emigrantes e os refuxiados, comprométese a comprender as causas das migracións, pero tamén a traballar para superar os seus efectos negativos e valorizar os positivos nas comunidades de orixe, tránsito e destino dos movementos migratorios.

Ao mesmo tempo que animamos o progreso cara a un mundo mellor, non podemos deixar de denunciar por desgraza o escándalo da pobreza nas súas diversas dimensións. Violencia, explotación, discriminación, marxinação, formulacións restritivas das liberdades fundamentais, tanto dos individuos como dos colectivos, son algúns dos principais elementos de pobreza que se deben superar. Precisamente estes aspectos caracterizan moitas veces os movementos migratorios, unen migración e pobreza. Para fuxir de

situacións de miseria ou de persecución, buscando mellores posibilidades ou salvar a súa vida, millóns de persoas comezan unha viaxe migratoria e, mentres esperan cumprir as súas expectativas, atopan frecuentemente desconfianza, cerrazón e exclusión, e son golpeados por outras desventuras, con frecuencia moi graves e que feren a súa dignidade humana.

A realidade das migracións, coas dimensións que alcanza na nosa época de globalización, pide ser afrontada e xestionada dun modo novo, equitativo e eficaz, que esixe en primeiro lugar unha cooperación internacional e un espírito de profunda solidariedade e compaixón. É importante a colaboración a varios niveis, coa adopción, por parte de todos, dos instrumentos normativos que tutelen e promovan á persoa humana. O Papa Benedito XVI trazou as coordenadas afirmando que: «Esta política hai que desenvolvela partindo dunha estreita colaboración entre os países de procedencia e de destino dos emigrantes; ha de ir acompañada de adecuadas normativas internacionais capaces de harmonizar os diversos ordenamentos lexislativos, con vistas a salvagardar as esixencias e os dereitos das persoas e das familias emigrantes, así como as das sociedades de destino» (Cart. enc. *Caritas in veritate*, 19 xuño 2009, 62). Traballar xuntos por un mundo mellor esixe a axuda recíproca entre os países, con dispoñibilidade e confianza, sen levantar barreiras infranqueables. Unha boa sinerxía animará aos gobernantes a afrontar os desequilibrios socioeconómicos e a globalización sen regras, que están entre as causas das migracións, nas que as persoas non son tanto protagonistas como vítimas. Ningún país pode afrontar por si só as dificultades unidas a este fenómeno que, sendo tan amplo, afecta neste momento a todos os continentes no dobre movemento de inmigración e emigración.

É importante subliñar ademais como esta colaboración comeza xa co esforzo que cada país debería facer para crear mellores condicións económicas e sociais na súa patria, de modo que a emigración non sexa a única opción para quen busca paz, xustiza, seguridade e pleno respecto da dignidade humana. Crear oportunidades de traballo nas economías locais, evitará tamén a separación das familias e garantirá condicións de estabilidade e serenidade para os individuos e as colectividadeas.

Por último, mirando á realidade dos emigrantes e refuxiados, quero subliñar un terceiro elemento na construción dun mundo mellor, e é o da superación dos prexuízos e preconcepcións na avaliación das migracións. De feito, a chegada de emigrantes, de prófugos, dos que piden asilo ou de refuxiados, suscita nas poboacións locais con frecuencia sospeitas e hostilidade. Nace o medo de que se produzan convulsións na paz social, que se corra o risco de perder a identidade ou cultura, que se alimente a competencia no mercado laboral ou, mesmo, que se introduzan novos factores de criminalidade. Os medios de comunicación social, neste campo, teñen un papel de gran responsabilidade: a eles compete, en efecto, desenmascarar estereotipos e ofrecer

informacións correctas, nas que haberá que denunciar os erros dalgúns, pero tamén describir a honestidade, rectitude e grandeza de ánimo da maioría. Nisto necesítase por parte de todos un cambio de actitude cara aos inmigrantes e os refuxiados, o paso dunha actitude defensiva e recelosa, de desinterese ou de marxinación -que, ao final, corresponde á "cultura do rexeitamento"- a unha actitude que poña como fundamento a "cultura do encontro", a única capaz de construír un mundo máis xusto e fraterno, un mundo mellor. Tamén os medios de comunicación están chamados a entrar nesta "conversión das actitudes" e a favorecer este cambio de comportamento cara aos emigrantes e refuxiados.

Penso tamén en como a Sagrada Familia de Nazaret tivo que vivir a experiencia do rexeitamento ao comezo do seu camiño: María «deu a luz ao seu fillo primoxénito, envolveuno nuns capizos e deitouno nunha manxadoira, na corte das bestas, porque na pousada non había lugar para eles.» (Lc 2,7). É máis, Xesús, María e Xosé experimentaron o que significa deixar a súa propia terra e ser emigrantes: ameazados polo poder de Herodes, foron obrigados a fuxir e a refuxiarse en Exipto (cf. Mt 2,13-14). Pero o corazón materno de María e o corazón atento de Xosé, Custodio da Sagrada Familia, conservaron sempre a confianza en que Deus nunca os abandonará. Que pola súa intercesión, esta mesma certeza estea sempre firme no corazón do emigrante e o refuxiado.

A Igrexa, respondendo o mandato de Cristo «Ide e facede discípulos a todos os pobos», está chamada a ser o Pobo de Deus que abraza a todos os pobos, e leva a todos os pobos o anuncio do Evanxeo, porque no rostro de cada persoa está impreso o rostro de Cristo. Aquí atópase a raíz máis profunda da dignidade do ser humano, que debe ser respectada e tutelada sempre. O fundamento da dignidade da persoa non está nos criterios de eficiencia, de produtividade, de clase social, de pertenza a unha etnia ou grupo relixioso, senón no ser creados a imaxe e semellanza de Deus (cf. Xn 1,26-27) e, máis aínda, no ser fillos de Deus; cada ser humano é fillo de Deus. Nel está impresa a imaxe de Cristo. Trátase, entón, de que nós sexamos os primeiros en velo e así podamos axudar aos outros a ver no emigrante e no refuxiado non só un problema que debe ser afrontado, senón un irmán e unha irmá que deben ser acollidos, respectados e amados, unha ocasión que a Providencia nos ofrece para contribuír á construción dunha sociedade máis xusta, unha democracia máis plena, un país máis solidario, un mundo máis fraterno e unha comunidade cristiá máis aberta, de acordo co Evanxeo. As migracións poden dar lugar a posibilidades de nova evanxelización, a abrir espazos para que creza unha nova humanidade, preanunciada no misterio pascual, unha humanidade para a cal cada terra estranxeira é patria e cada patria é terra estranxeira.

Queridos emigrantes e refuxiados. Non perdades a esperanza de que tamén para vós está reservado un futuro máis seguro, que nas vosas sendas poidades atopar unha man

tendida, que poidades experimentar a solidariedade fraterna e a calor da amizade. A todos vós e a aqueles que gastan as súas vidas e as súas enerxías ao voso carón asegúrovos a miña oración e impártovos de corazón a Bendición Apostólica.

Vaticano, 5 de agosto de 2013.

FRANCISCO